

ACTA NÚMERO 07/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p><u>POLA DIRECCIÓN:</u></p> <p>D. FRANCISCO JAVIER CARAMES CASAL D. BERNARDINO VAZQUEZ ABAL D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D^a. ANA M^a CAPDEVILA ARGÜELLES D. JUAN CARLOS FUEGO LOMBARDEO D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p><u>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</u></p> <p>D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D^a HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS D^a. PURIFICACION VILLAR DE TORO-SGPS D. JORGE QUINTANA MIRON-UGT D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D^a. BEGOÑA PEITEADO GARRIDO –CIG D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO. D^a. ARACELI LOUREIRO SOUSA- CC.OO.</p>	<p>En Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dez de novembro de dous mil nove, reúnen na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	---

-- ORDE DO DÍA --

1. Aclaración legal sobre se as saídas para verificar óbitos teñen carácter de emerxencia.
2. Pediatría no SAP de Coia:
 - a. Algúns días da semana do 16 de outubro os nenos foron remitidos ao PAC por ausencia de pediatras no centro. Aclaración do acontecido.
 - b. ¿Existe algún acordo expreso ou tácito pólo que os venres as 18 h non quedan pediatras no Servizo e se envían os nenos ao PAC?
3. Explicacións á falta de substitucións xeneralizada en todos os centros: Priorización da intersubstitución fronte a prolongación; criterios de substitución para todas as categorías; cobertura de vacantes. Solicitamos relación de vacantes de todas as categorías.
4. Almacén en Coia: Solución adoptada a esta cuestión, xa plantexada na xuntanza anterior.

5. Fisioterapeutas de Atención primaria: Desenvolvemento do acordo firmado por a anterior xerencia, Director provincial e mais a Dirección do CHUVI.
6. Situación dos médicos de As Neves condenados por fraude.
7. Situación do servizo de Mantemento: ¿Quen se fai cargo das incidencias xurdidas fora do quenda de mañá?
8. Almacén: Parece ser que a nave da que dispón a empresa concesionaria non dispón das garantías mínimas para o almacenamento de determinados produtos farmacéuticos e estes se están recepcionando en Lavadores. Funcións do persoal que traballaba no almacén, ¿inclúen o desprazamento aos distintos centros ou establecementos da xerencia? ¿Perciben algún tipo de compensación económica por elo?

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Aprobase as actas nº 4/09 e 5/09 das reunións celebradas os días 2 de abril e 7 de xullo de 2009, respectivamente.

O sindicato SATSE presenta unha alegación ao punto 7 da acta nº 6/09, quedando recollida na mesma acta.

CUESTIÓN PREVA E FORA DA ORDE DO DÍA: MOBILIDADE INTERNA.

Mobilidade interna: A xerencia expón a situación (xuntase á acta).

As solicitudes de mobilidade dos puntos 1 ao 4 e do 6 ao 9 entran sen prazo e hai que concretar o seu tratamento.

PUNTO SEGUNDO.- ACLARACION LEGAL SOBRE SE AS SAÍDAS PARA VERIFICAR ÓBITOS TEÑEN CARÁCTER DE EMERXENCIA.

- XERENCIA:

1. No marco legal establecido todo exitus ten que estar confirmado por un médico antes de ser mobilizado do lugar do falecemento.
2. As asignación de prioridades na urxencia realízase en Galicia o 061 segundo os acordos previos establecidos e é a súa responsabilidade a coordinación dos recursos dispoñibles en cada momento para a asistencia da urxencia extrahospitalaria.
3. Detectáronse disparidade de criterios entre a prioridade asignada polo 061 e a que constata o profesional no punto de asistencia. Por iso esta Xerencia a través da Dirección de Atención Continuada solicita aos profesionais que calquera incidencia a este respecto, tanto na confirmación de exitus como noutro tipo de activacións fora do centro comuníquense por escrito ou vía e-mail a devandita dirección para poder facelas chegar á

Dirección de Coordinación do 061 e corraxir as disfuncións que se observen.

4. En reunión que xa se mantivo previamente entre a Dirección Médica de Atención Continuada e a Dirección de Coordinación do 061 chegouse ao acordo de comunicar devanditas incidencias de face a mellorar os protocolos que actualmente existen. O 061 expresou o feito de ser o primeiro interesado en coñecer estes feitos para poder dar solución.

PUNTO TERCEIRO.- PEDIATRIA NO SAP DE COIA:

a) Algúns días da semana do 16 de outubro os nenos foron remitidos ao PAC por ausencia de pediatras no centro. Aclaración do acontecido.

- XERENCIA: Os catro pediatras do novo modelo estiveron en situación de I.T. con imposibilidade de cobertura algúns días.

b) ¿Existe algún acordo expreso ou tácito polo que os venres ás 18 horas non quedan pediatras no Servizo e envíanse os nenos ao PAC?.

- XERENCIA: A anterior xerencia toleraba o venres unha quenda de 11 a 18 horas, esta xerencia decatouse disto en conversación cos propios pediatras que nestes momentos pretendían no facer a quenda de tarde do venres.
- CEMS: Se a quenda é deslizante o lóxico é que haxa un pediatra en Coia toda a tarde.
- CIG: ¿De momento vaise a manter o acordo?
- XERENCIA: De momento se non houberse prexuízo para outros estaríamos dispostos a manter o acordo.
- O'MEGA: Na medida en que o acordo prexudica a outros hai que rompelo
- CEMS: Hai que arranxar, no PAC non se deben ver nenos, en tanto ten que haber un pediatra no centro.
- UGT: Hai un cartel no Hospital que remite aos nenos a Coia, supoñemos que porque os sábados pola mañá a pediatría esta en Coia.
- XERENCIA: Solicitárase ao Hospital que especifique o horario no cartel.
- CIG: ¿Cal é a orde que teñen no centro de saúde para derivar aos nenos despois das 18:00 horas?.
- XERENCIA: Non hai orde ningunha.

Solucionarase.

PUNTO CUARTO.- EXPLICACIÓNS Á FALTA DE SUBSTITUCIÓN XENERALIZADA EN TODOS OS CENTROS: PRIORIZACION DA INTERSUBSTITUCIÓN FRONTE A PROLONGACIÓN, CRITERIOS DE SUBSTITUCIÓN PARA TODAS AS CATEGORIAS: COBERTURA DE VACANTES. SOLICITAMOS RELACIÓN DE VACANTES DE TODAS AS CATEGORIA.

- XERENCIA:

o VACANTES:

As do Plan Mellora habíanse facilitado; a maiores produxéronse 4 xubilacións de auxiliares de enfermería (cubríronse 3: A Guarda, Val Miñor e Bembrive), queda 1 pendente, aínda non está decidido onde se vai a pór.

- CC.OO.: Non é normal que non se cubra, leva tempo sen cubrir. Quere o compromiso de que antes de dala á lista se vexan as situacións de conciliación.
- XERENCIA: Iso faise en todas as categorías.

o SUBSTITUCIÓN:

Substitúese practicamente ao 100% cando non se fai substitución directa, hai intersubstitución ou prolongacións, houbo respecto ao ano anterior un incremento importante de gasto por substitución.

Os criterios non son xerais aplicables a todos os centros, analízase caso a caso.

Se hai algunha queixa especifica dalgún centro, decídease para analízala.

- CC.OO.: Acordo sindical: 1º contratación / 2º prolongas / 3º intersubstitucións, e estase facendo ao revés.
- XERENCIA: Os acordos están asinados para o período 2007 ao 2011. Contratase mais que no 2008.
- SATSE: Solicita por escrito que profesionais estanse intersubstituíndo, prolongando e substituíndo pormenorizadamente.
¿Que pasa coas matronas?. Desprazouse unha das matronas de Rosalía a Ponteareas e a cota desta matrona está sendo atendida polas outras dúas.
- XERENCIA: A que foi a Ponteareas foi voluntariamente, e falouse coa matrona de Rosalía de Castro que estaba no centro, a outra estaba de vacacións, o problema xurdiu porque lle citaron a esta matrona antes de falar con ela.
- SATSE: ¿Cal é a situación da aplicación dos acordos?.
- XERENCIA: Pendente intersubstitución de colectivos asinados posteriormente, pendente de xaneiro a agosto, e festivos especiais decembro 2008 e xaneiro 2009.
- CIG: Vaise pagar conforme ao acordo de marzo os festivos especiais.

- XERENCIA: Non se recibiu ningunha instrución en contra de que non se vaian a pagar, conforme ao acordo
- UGT: Debe elevarse a pregunta a servizos centrais porque este pago condiciona vacacións e permisos de persoal do PAC.
- CIG: A pregunta é ¿se se vai a pagar os festivos especiais conforme ao modulo de horas? e a resposta é si ou non.
- XERENCIA: Se a pregunta é á xerencia, a resposta é que dentro da competencia da xerencia vaise a pagar.
- CC.OO.: Vaise a cubrir a xubilación que se producirá proximamente en Teis.
- XERENCIA: Si, as vacantes actuais atrasouse a cobertura por poñer en marcha o procedemento de mobilidade interna.

PUNTO QUINTO.- ALMACÉN EN COIA: SOLUCIÓN ADOPTADA A ESTA CUESTIÓN, XA PLANTEXADA NA XUNTANZA ANTEIROR.

- XERENCIA: Unificaranse os 2 almacéns, estase facendo a reforma e en tanto non se materialice a unificación, hai un acordo de que a enfermeira que este de garda o luns fai o pedido, e a auxiliar que vai levar o almacén xa o está tramitando, o farmacéutico sería responsable de toda a medicación do centro.

PUNTO SEXTO: FISIOTERAPEUTAS DE ATENCION PRIMARIA: DESENVOLVEMENTO DO ACORDO FIRMADO POLA ANTERIOR XERENCIA, DIRECTOR PROVINCIAL E MAIS A DIRECCION DO CHUVI.

- XERENCIA: Ese acordo non o temos.
- CC.OO.: Facilitarémolo.
- XERENCIA: En Lavadores a obra esta pendente de licenza municipal, aquí iran 2 fisioterapeutas de mañá e 2 de tarde que están agora no Meixoeiro. Prazo de execución (4 meses) desde que se inicie.

Os fisioterapeutas do Centro de Especialidades de Coia iran a Sampaio de Navia.

Veremos o acordo e tratarémolo na próxima reunión.

- UGT: As unidades de Nicolás Peña e Coia estaban destinadas a atender a pacientes derivados de médicos de atención primaria.
- XERENCIA: É así.

PUNTO SETIMO: SITUACIÓN DOS MÉDICOS DE AS NEVES CONDENADOS POR FRAUDE.

- XERENCIA: Estes médicos están pendentes de resolución xudicial, é a Audiencia a que fixa a execución da sentenza.

PUNTO OITAVO: SITUACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO: ¿QUEN SE FAI CARGO DAS INCIDENCIAS XURDIDAS FORA DA QUENDA DA MAÑÁ?

- XERENCIA: Está localizada unha persoa de mantemento as 24 horas do día e pódesele chamar directamente.

PUNTO NOVENO: ALMACÉN: PARECE SER QUE A NAVE DA QUE DISPÓN A EMPRESA CONCESIONARIA NON DISPÓN DAS GARANTÍAS MÍNIMAS PARA O ALMACENAMENTO DE DETERMINADOS PRODUTOS FARMACÉUTICOS E ESTES SE ESTÁN RECEPCIONANDO EN LAVADORES. FUNCÍONS DO PERSOAL QUE TRABALLABA NO ALMACÉN, ¿INCLÚEN O DESPRAZAMENTO AOS DISTINTOS CENTROS OU ESTABLECEMENTOS DA XERENCIA? ¿PERCIBEN ALGÚN TIPO DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR ELO?

- XERENCIA: O problema de medicación é con dous laboratorios, que no seu sistema de calidade, solicitan acta de servizo de farmacia, que esta xerencia non dispón. Cos demais non hai problema. Os pedidos os firma o farmacéutico do Hospital, pero non teñen o mesmo CIP. O problema é burocrático.

Condições do persoal que traballa no almacén: No momento da súa desestruturación, propúxoselles a súa recolocación noutros centros. Nestes momentos en Lavadores dispense de material inventariable.

Dos catro celadores: 1 foi ao servizo de mantemento, 1 revisa o material inventariable dos centros, os outros dous está pendente de concretar con eles. Haberá un almacén en Chapela (fora da localidade) e revisión almacenillos de centros.

Pendente reunión anterior.

Internet en cada ordenador, é imposible porque habería sobrecarga e relentiza, de momento haberá solo Internet no ordenador da Biblioteca. (Entregase situación da informática nos Centros de Saúde da Área, xúntase a acta).

Remata a reunión as once horas e trinta minutos do día sinalado.